



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	SOLICITUDE DE INFORME NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO MEIRAMA
Promotor	NATURGY RENOVABLES, SLU
Localización	CONCELLOS DE CERCEDA, CARRAL E ORDES
Expediente	IN408A 2018/27

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS:

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 20/07/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1391690, unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia .

CONSIDERACIÓNS LEGÁIS E TÉCNICAS:

1. Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

2. Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002
- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos



- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2015
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Shadow Flicker Review for Alberta Utility Commision. Green Cat Renewables Canada Corporation. 2019
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF6 y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

De acordo con todo o indicado, emétese o seguinte

INFORME:

1. ANTECEDENTES

O presente informe realízase avaliando se, no estudo, se tiveron en conta, se identificaron e se valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha





vía de exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.

Así mesmo, o proxecto sometido a estudio é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, explotación e abandono. Polo que de cumprirse os estándares establecidos debería de asegurarse a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco
- Determinación dos potenciais perigos
- Identificación das posibles vías de exposición

No seu caso, a avaliación poderá incluír a necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha posible fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

O presente informe realízase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.

2. AVALIACIÓN

2.1.- Caracterización da poboación en situación de risco.

Refírese á situación do poboamento respecto do parque destacando as poboacións próximas o mesmo, estando a máis próxima a menos de 500 m dun dos aeroxeneradores, que se atopa a 415 m.

Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao proxecto e dunha valoración non exhaustiva a través do Visor SigPac, compróbase que as instalacións non



respectan as indicacións recollidas no Plan Sectorial Eólico de Galicia sobre o mantemento dunha distancia mínima de 500 metros aos núcleos urbanos ou rurais na contorna non so con respecto o aeroxenerador M10 que se menciona na memoria, senón tamén polo menos o M03. Existe unha construción dentro do perímetro de 500 metros con respecto a este aeroxenerador (coordenadas UTM 29: 547.675,47; 4.779.019,15), non obstante, co programa empregado non se pode saber a que pertence.

2.2.-Determinación dos potenciais perigos.

Neste apartado realízase una identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.

a) Contaminantes

- Augas residuais
- Gases dos motores dos vehículos e da maquinaria.
- Outros gases: hexafluoruro de xofre (SF6) empregado nos equipos eléctricos
- Po e partículas, procedente de movemento de terras, voaduras e desprazamento de vehículos e maquinaria.

b) Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camións e maquinaria, voaduras puntuais, construción das infraestruturas e funcionamento das turbinas eólicas.

c) Residuos perigosos e non perigosos xerados nas distintas fases do proxecto.

d) Produtos perigosos empregados nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: Aceites minerais, combustibles, gases illantes (SF6), Fitosanitarios (Herbicidas), Biocidas (protectores da madeira), etc

e) Electrocución

f) Campos electromagnéticos xerados polas instalacións.

g) Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)



h) Outros:

- Pragas e vectores
- Arrastre de sedimentos
- Incendios
- Vertidos accidentais
- Outras emerxencias

2.3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a dita exposición.

2.3.1 Aire

Considerase no documento que o impacto na alteración da calidade do aire non vai a ser significativo, limitándose este impacto a fase de construción e desmantelamento do parque.

- Identifícanse emisións de po e partículas na fase de obra e desmantelamento como consecuencia da obra civil e da circulación de vehículos, especialmente nas épocas estivais, estimando que os efectos sobre a saúde humano non serán significativos, non sendo previsible a superación dos limiares establecidos pola lexislación vixente. Refiren medidas protectoras e mencionan un programa de vixilancia e seguimento ambiental incluído no documento de alcance pero non se aporta.

Mencionase que existe a posibilidade de poderse levar a cabo voaduras e por tanto de ruído puntual non contemplan medilo e soamente indican que avisaran as persoas que estean cerca e non si tomarán outras medidas que mencionan para diminuír o ruído como: cubrir o cordón detonante na superficie e a zona dos detonadores eléctrico e/ou conectados a terra. En canto as actuacións que se tomarán para evitar as proxeccións a contorna será a disposición de redes e lonas.





- Identifícanse emisións de gases de combustión durante a fase de obra e desmantelamento debido o tráfico inducido na zona e da maquinaria asociada as obras. Refiren medidas protectoras e mencionan un programa de vixilancia e seguimento ambiental incluído no documento de alcance pero non se aporta.

Refírese o emprego de hexafluoruro de xofre (SF_6), gas sintético e inerte que se emprega como illante nas celas dos sistemas eléctricos das turbinas e da subestación do parque.

- Ruído e vibración

Identifícase a xeración de ruído durante a fase de obra e desmantelamento (os correspondentes a unha obra civil convencional) e explotación (aeroxeneradores).

Na fase de obra indícase que o máximo nivel de presión sonora xerado polas obras vai ter lugar nas plataformas de montaxe, onde se estima un nivel de presión sonora máximo de 105dB a 1 m de distancia. Non se recolle como se chegou a ese valor teórico.

Preséntanse un estudo de determinación dos niveis acústicos preoperacionais para determinar o nivel de referencia de medidas de ruído ambiental que deberá servir de referencia dos estudo posteriores correspondentes o Plan de seguimento de ruídos das distintas fases do proxecto. Sinalar que nalgúns dos puntos de medición case se chega os limiares establecidos, por exemplo $L_e=59\pm4$.

Dispónse dun estudo de impacto acústico do parque eólico durante a fase de funcionamento no que se recolle o ruído xerado polo parque, pero non se presenta o estudo de impacto acústico considerando o posible efecto acumulativo ou sinérxico en relación a outros parques da contorna e liñas de evacuación, xa que estiman que non vai haber efectos sinérxicos debido a distancia entre os parques próximos.





Inda que neste estudo se indica que os valores de inmisión calculados están dentro dos limiares establecidos no RD 1367/2007 sobre contaminación acústica, é importante sinalar que isto é así porque para as medicións que non entran dentro dos limiares establecidos para chan residencial os comparan cos limiares para chan de uso industrial. Sen embargo, o facerse as medicións en edificacións potencialmente habitables e núcleos urbanos debería terse en conta os limiares para chan de uso residencial e non referenciadas a chan de uso industrial.

Mencionase que terán un programa de vixilancia e seguimento ambiental no que se considerara os niveis de ruído entre outros, indicando que se atopa no apartado 1.3p do documento de alcance), pero non se atopa entre a documentación recibida.

Os criterios empregados para os cálculos teóricos e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.

- Campos electromagnéticos

No referente aos campos electromagnéticos, no estudo presentado dos mesmos toman como referencia os limiares do Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias, inda que non se menciona directamente que o deseño do parque e a selección dos equipos a instalar respectan as recomendacións deste Decreto. Este decreto limita os campos electromagnéticos na proximidade das instalacións de alta tensión ao indicado no R.D. 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas. De acordo ás





recomendacións europeas co límite de 5 kV/m e 100µT respectivamente, en zonas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo.

Fanse estimacións dos valores de campo eléctrico e magnético xerados polas instalacións eléctricas do futuro parque. Para o campo eléctrico faise soamente para a subestación, que non supera os 5 kV/m medidos a 1 m de altura. Tal como mencionan asumen que o edificio control, os cables de media tensión e os aeroxeneradores non van a xerar campos eléctricos. Mentras que para o campo magnético faise para a subestación e o edificio control e aeroxeneradores non superando 100 µT.

Mencionase que no tocante as liñas do parque teñen en conta o documento da Rede Eléctrica Española de 2016 sobre campos eléctricos e magnéticos xerados polas instalacións de alta tensión, no que indican que as ditas liñas non xeran campos magnéticos superiores ás recomendacións europeas. Indícanse os valores de referencia para liñas aéreas de 220 kV e faise fincapé en que o estar estas liñas soterradas os nivel xerados serán menores os esperados.

Non se fai mención o tocante ó cumprimento das turbinas con respecto o establecido na normativa europea en materia de compatibilidade electromagnética.

2.3.2 Augas

- Augas de consumo

Non se mencionan captacións e canalizacións de auga para consumo humano que podan existir na contorna, pero mencionan que tomarán as medidas tanto na fase de obra como de explotación para garantir o abastecemento e a correcta calidade das augas.

Mencionase que o abastecemento de auga realizarase mediante un sistema de potabilización de auga, alimentado por un depósito de auga estanco de 5.000 litros, que se encherá periodicamente mediante camiións cisternas. As características da auga cumprirán os criterios





establecidos no Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade da auga de consumo humano.

De dispoñer de sistema de auga quente sanitaria, deberán cumprirse os requisitos establecidos no Real decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

- Augas superficiais e subterráneas

Calquera actuación que afecte ao dominio público hidráulico, precisará ser autorizada polo organismo de bacía competente, debéndose garantir a compatibilidade do proxecto cos usos preexistentes.

Mencionase que o impacto global sobre a hidroloxía é non significativo e non se presenta un plan de seguimento e medidas correctoras hidrolóxico e da calidade de augas.

Dende esta dirección xeral, compróbase que non existen na contorna do proxecto captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC).

- Augas residuais/vertidos

- Augas residuais sanitarias

- Non contemplan unha gran xeración de augas residuais e soamente se menciona que o saneamento das augas residuais realizarase mediante a evacuación das mesmas a unha fosa séptica estanca de 10.000 litros, instalada sobre unha soleira de formigón. O valeirado farase periodicamente mediante un camión cisterna.
 - En relación coas augas residuais da subestación realizarán unha canalización para a súa evacuación.





- Vertidos de zona de almacenamento e instalacións de obra. Mencionase que os potenciais vertidos ou derrames estarán limitados unicamente o volume dos depósitos das propias máquina e o dos almacenamentos de residuos perigosos, sendo en ambos casos de moi escasa dimensión. Non se presenta o deseño da zona de almacenamento polo que non se pode avaliar se disporán de soleiras impermeables que impidan que vertidos accidentais contaminen o chan e/ou as augas, tampouco se indica se se dispón de material absorbente. Soamente indican que o chan debe estar impermeabilizado, cubeto de retención e techado para o caso de almacenaxe de hidrocarburos.
- Vertidos procedentes de transformadores a intemperie. Non refiren a dispoñibilidade de pozo de recollida de posibles fugas de aceite baixo os transformadores. Non refiren medidas de seguimento e control ao respecto.

2.3.3 Chan

Refiren medidas protectoras e correctoras durante a fase de obra e funcionamento, para minimizar a afección ao mesmo e para evitar posibles vertidos de materias contaminantes, referindo seguimento ao respecto no programa de vixilancia ambiental.

- Residuos perigosos e non perigosos

Identifícase a xeración de residuos durante a fase de obra e demolición e explotación do parque, que neste último caso serían principalmente derivados das labores de mantemento. Inclúese unha táboa cos residuos perigosos e non perigosos de probable xeración durante as fases de obra e demolición.

Menciónase que para o almacenaxe temporal de residuos perigosos disporase de un almacén pero inda que se presentan os planos e se describe que vai a ter zonas para lavado de canaletas, e cubetas, colectores para os distintos residuos, etc. non describen como se vai construír. O que si teñen





previsto é que a xestión dos residuos se leve a cabo por un xestor autorizado para cada código de residuo.

Indican que para os residuos xerados se separarán adecuadamente segundo indica a lexislación, se envasarán e etiquetarán segundo a lexislación aplicable en colectores homologados os tipos de residuos que se produzan.

Recóllense algunhas medidas preventivas e correctoras sobre os residuos xerados pero no plan de seguimento soamente se recolle, referente a xestión de residuos, o impacto dirixido a contaminación do chan como consecuencia de accidentes ou dos cursos das augas.

- Produtos perigosos

Refírese o uso de aceites e combustibles xerados nas tarefas de mantemento e as que se realicen durante a fase de funcionamento e a recollida dos aceites en colectores adecuados e se entregarán a un xestor autorizado. Non se describe o almacenamento para os combustibles.

Non se menciona o emprego de fitosanitarios (herbicidas) nin biocidas, pero no caso de que non existira outra alternativa que xustifique o seu emprego deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e empregos destes.

Mencionase o emprego de gases illantes como o SF₆, os cales deberían someterse aos estándares e recomendacións de manexo establecidos ao respecto, de xeito que se garanta que na realización dos traballos na carga e descarga dos equipos que os empregan, se contemplan as medidas de seguridade axeitadas, evitando contaminacións do medio, das que se podan derivar afeccións á poboación ou os traballadores. En relación co SF₆, dado que se trata dun dos gases de efecto invernadoiro con maior potencial de quecemento da atmosfera, e que no caso de liberación ou por exposición prolongada aos produtos da súa degradación en espazos pechados pode provocar asfixia ou afeccións á saúde, deberían contemplarse as recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares





internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial, na carga e descarga dos equipos que o empregan.

Disporanse das fichas de datos de seguridade de todos os materiais perigosos empregados, de maneira que se coñezan e apliquen as especificación establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc.

Cumpríranse as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos y produtos perigosos asociados ás instalacións.

2.3.4 Outras consideracións

- Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

Indicase que se realiza un estudo do potencial de impacto mediante a ferramenta SHADOW do programa de simulación WindPRO no peor dos escenarios e tamén para un caso real tendo en conta as horas de operación do parque así como a a probabilidade de horas diarias medias de sol e dirección do vento. Inda que se fai referencia a que unha vez feito o estudo verificase que os resultados obtidos están por debaixo do limiares establecidos para o caso real. Sen embargo, no caso peor identifícanse certos receptores afectados, inda que non se presentan os datos de onde se fixeron as medicións, os resultados, a delimitación do radio de estudo, etc.

Tampouco se presenta ou se fai referencia a unha avaliación dos posibles efectos sinérxicos ou acumulativos doutros parque eólicos en trámite ou en funcionamento na contorna, situados a unha distancia suficiente como para poder producir un efecto acumulativo o respecto (distancia de 10 veces o tamaño do rotor en cada caso).

Non se contempla o desenvolvemento dun plan de seguimento específico do dito efecto durante o primeiro ano para verificar o cumprimento dos limiares de referencia establecidos, incluíndose unha previsión de medidas correctoras ou mitigadoras no caso de superación dos mesmos.





- O proxecto inclúe un apartado onde se analiza a vulnerabilidade do proxecto fronte accidentes graves o catástrofes, identificando as ameazas potenciais tanto interna (fuga de gases ou derrame de líquido con posible xeración e nube tóxica, incendio pola presenza de persoal e/ou maquinaria, etc.) como externas (inundacións, terremotos, tormentas eléctricas, etc.) , así como a avaliación de si as ameazas identificadas se produciran. Da análise conclúise que tanto os niveis de risco como a vulnerabilidade do proxecto son baixos.

A avaliación do risco ou da necesidade de establecer medidas de xestión do mesmo, en relación aos aspectos mencionados, son ámbito da competencia dos organismos con atribucións en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes.

- Preséntanse adopcións de medidas para eliminar o risco de incendios e incendios forestais, pero soamente se refire o risco en fase de obra ou desmantelamento, non en fase de explotación. Non se menciona o deseño do edificio de control e o campo de intemperie da subestación cumprirán o establecido no Regulamento de Seguridade contra os incendios en Establecementos industriais.
- Non se dispón de plan de autoprotección, ni plan de protección contra incendios forestais.
- Non se presentan plans de emerxencia, incluíndo protocolos de actuación ante accidentes tales como vertidos, explosións, etc., que contribuirán a minimizar as afeccións ambientais, en caso de producirse.
- Non se menciona se tódolos aspectos relacionados coas medidas medio ambientais corroboraranse coa certificación de un Sistema de Xestión Ambiental, conforme os requisitos da norma ISO 14001.
- Non se atopan as medidas de seguridade e control de acceso á subestación e as turbinas e o cumprimento do Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.





- Non se menciona que no caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores, deberán contemplarse as axeitadas medidas de limpeza, que garantan a seguridade e saúde das persoas, contemplándose de ser o caso un sistema integrado de control específico das mesmas.

3. CONCLUSIÓNS

- O presente informe realízase exclusivamente sobre a documentación remitida, avaliando se no estudo se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

Da análise da documentación aportada para o parque de Meirama desenvolvida ao longo do noso informe, conclúese que non se recolle información ou esta é insuficiente sobre os seguintes aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, e que estimamos necesario se aporten para a súa consideración polos organismos competentes:

- Non existe unha separación mínima de 500 m entre a poboación máis próxima e algúns dos aeroxeneradores do parque.
- Non se presentan programas de vixilancia e seguimento ambiental para as emisións de po e partículas, así como para as emisións de gases.
- Inda que se indica un máximo nivel de presión sonora durante a fase de obras, non se presenta unha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante esa fase, en relación aos limiares de protección establecidos para a poboación para poder prever que non se sobrepassará o límite máximo establecido pola lexislación.
- No estudo de impacto acústico hai medicións en zonas habitadas que superan os limiares establecidos no RD 1367/2007. No estudo non consideran que o superan porque asimilan ese chan a chan de uso industrial de modo





que aumentan os limiares permitidos para eses casos, inda que é unha zona habitada.

- Non se presenta o estudo de impacto acústico considerando o posible efecto acumulativo ou sinérxico en relación a outros parques da contorna e liñas de evacuación.
- Indicase que se conta cun programa de vixilancia e seguimento ambiental pero non se atopa entre a documentación recibida.
- Non se indica se o deseño do parque e a selección dos equipos a instalar cumpren do Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias.
- Non se fai mención ó cumprimento das turbinas con respecto o establecido na normativa europea en materia de compatibilidade electromagnética.
- De dispoñer de sistema de auga quente sanitaria, deberán cumprirse os requisitos establecidos no Real decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da legionelose.
- Non se presentan as características da zona de almacenamento e instalacións de obra.
- Non se fai referencia a dispoñibilidade de pozo de recollida de posibles fugas de aceite baixo os transformadores e tampouco as medidas de seguimento e control dos vertidos procedentes de transformadores a intemperie.
- Mencionase o emprego de gases illantes como o SF₆, sen embargo non se contempla as recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen





as súas emisións, en especial, na carga e descarga dos equipos que o empregan.

- Non se indica a disposición das fichas de datos de seguridade de tódolos materiais perigosos empregados.
- Non se aportan os datos acadados no estudo do efecto do parpadeo de sombras e tampouco os receptores onde se fixeron as medicións para o estudo.
- Non se menciona o desenvolvemento dun plan de seguimento específico do efecto provocado polo parpadeo de sombras durante o primeiro ano e tampouco se presenta unha avaliación dos posibles efectos sinérxicos ou acumulativos doutros parques.
- Non se dispón dun plan de autoprotección e o plan de protección contra incendios forestais.
- Non se presenta un plan de emerxencia, no que se inclúan os protocolos de actuación ante accidentes tales como vertidos, explosións, etc.
- Non se indican as medidas de seguridade e control de acceso a subestación e as turbinas.
- Non se especifica as medidas de limpeza en caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

